

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O VINTE E SETE DE XULLO DE DOUS MIL DEZASETE.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro.

Concelleiro/as:

D. Pedro Amado Sanmartín.
Dna. Raquel Caruncho Corral.
D. José Simoes Couceiro.
Dna. Yolanda Vázquez Busto.
Dna. Silvia Fornos Permuy.
D. Francisco Javier Crespo Romeo.
Dna. María Carmen Piñeiro Varela.
Dna. Ascensión de Vicente Olarte.
D. Andrés Pérez Pérez.
Dna. Ana María Veira García.
D. Jorge Serafín Allegue Freire.

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e tres minutos do día vinte e sete de xullo de dous mil dezasete, xúntanse en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos polo Secretario-Accidental e a Interventora Municipais.

Non asiste:

Dna. Marta Pico Machado.

Secretario- Accidental:

D. Alberto Pensado Seijas.

Interventora:

Dna. Lucía Varela Martínez.

A Presidencia abre a sesión, desculpando a falla de asistencia de Dna. Marta Pico Machado polo falecemento dun familiar, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR:

- SESIÓN ORDINARIA DE 29.06.2017.

O Secretario-Accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

(Expediente 2017/G006/000154)

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte PROPOSTA:

LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR:

- **SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 29.06.2017.**



Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia do borrador da acta correspondente á sesión:

- ordinaria de 29.06.2017.

Sométese á aprobación á seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente ás sesión:

- Ordinaria de 29.06.2017.

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura á marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro."

Dende a Presidencia pregúntase se algún/ha membro ten algo que indicar ao respecto do borrador da acta anterior.

Toma a palabra Dna. Ana Veira García, para apuntar que no borrador da acta, no 2º parágrafo da páxina 16, non se entende o contido da última frase, indicando que o que quería dicir é que "Sobre o voto en contra do Grupo Municipal do PP, cre que a cidadanía débeo saber, xa que o voto en contra considérao unha falla de preocupación daqueles"

Concluídas as intervencións, sométese o borrador da acta a votación resultando adoptado **por UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente ás sesión:

- Ordinaria de 29.06.2017.

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

2.- DESIGNACIÓN DE XUÍZ DE PAZ TITULAR.

O Secretario-Accidental da lectura ao ditame da Comisión Informativa, que se transcribe no seu literal:

"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDIO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: ORDINARIA DE DATA VENRES 21 DE XULLO DE 2017

EXPDTE: 2017/G012/000012

Sesión nº: 17/2015-2019

2.- DESIGNACIÓN DE XUIZ DE PAZ TITULAR.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

(Expediente: 2017/G006/000087-000105. Elección de Xuíz/a de Paz Titular do Concello de Pontedeume.)

Incoado procedemento de nomeamento de xuíz de paz do Concello de Pontedeume por medio de acordo do Pleno da corporación de data 27/04/2017.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Tendo en conta que se publicou segundo se establece preceptivamente anuncio, que obra no expediente, tanto no Boletín Oficial da Provincia nº 86 de data 9 de maio de 2017 e no taboleiro de anuncios do Concello, no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución do Partido ou Xulgado Decano e no propio Xulgado de Paz, así como na sede electrónica e na páxina web municipais, para xeral coñecemento e proceder á apertura dun prazo de 15 días hábiles para a presentación de candidaturas por parte das persoas interesadas no Rexistro Xeral do concello de Ponte deume por medio de instancia dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente.

Con data 31/05/2017 finalizou o prazo de presentación de solicitudes presentándose en tempo e forma as seguintes:

- [REDACTED]
- JAVIER ACOSTA VIGO
- MARÍA LUZ BRAGE CERNADAS
- SABELA GALDO FERNÁNDEZ

Practicado requerimento de documentación aos efectos de acreditar non estar incurso en causa de incompatibilidade e inelegibilidade co cargo de Xuíz de Paz en data 20 de xuño de 2016 (RE nº 1910, 1911, 1912 e 1913 de data 21/06/2017, sendo atendidos todos eles a medio de presentación de sendas declaracións xuradas de non atoparse en situación que xere unha incompatibilidade ou sexa causa de inelexibilidade co cargo de Xuíz de Paz, que obran no expediente.

Considerando a Lexislación aplicable seguinte:

— Os artigos 4 a 6, 20, 21 e artigo 28 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz.

— Os artigos 99 a 103 e artigo 395 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial.

— Os artigos 22.2 p) e 22.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

— A Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes.

De acordo co establecido no establecido no artigo 16 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, de Igualdade Efectiva entre Homes e Mulleres, os poderes públicos procurarán atender ao principio de presenza equilibrada de mulleres e homes nos nomeamentos e designacións dos cargos de responsabilidade que lles corresponda.

Terase en conta o indicado no informe da Secretaría municipal en canto ao procedemento aplicable e a lexislación a seguir emitido no seo do presente procedemento en data 19/04/2017.

Visto canto antecede, procede a súa aprobación por maioría absoluta do Pleno da corporación, de ahí que, tendo en conta a posibilidade que refire o artigo 102.3 do RD



2568/1986 de que a votación para elección ou destitución de persoas se leve a cabo por votación secreta

PROPOÑO:

PRIMEIRO: Proceder a votación secreta dos candidatos á Xuíz de Paz de Pontedeume do que resulta o seguinte resultado, tendo en conta que o candidato elixido o é pola maioría absoluta do número legal de membros da corporación:

- [REDACTED] nº votos =
- JAVIER ACOSTA VIGO nº votos =
- MARÍA LUZ BRAGE CERNADAS nº votos =
- SABELA GALDO FERNÁNDEZ nº votos =

SEGUNDO. Nomear a D/D^a _____ con NIF _____, domiciliado en _____, quen dispón do título de _____, de profesión _____, como Xuíz de Paz titular de Pontedeume.

TERCEIRO. Dar traslado do presente Acordo ao Xuíz de Primeira Instancia e Instrución do Partido Xudicial de Betanzos, ou no caso de haber varios dándose traslado ao Decano, que o elevará á Sala de Goberno (artigo 101.3 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigo 7 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz).

No entanto, a Corporación acordará o que estime pertinente.”

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Non habendo intervencións, e sometida a proposta a votación, aquela non resulta ditaminada en ningún sentido xa que o voto de todas e todos os/as concelleiros/as presentes é a **ABSTENCIÓN**, reservándose a votación para o propio Pleno.”

A Presidencia abre a quenda para o debate.

D. José Simoes Couceiro, portavoz do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, indica que, falado sobre o asunto coas portavocías dos distintos Grupos, teñen chegado a acordo sobre a continuidade da persoa que estaba a ocupar o posto, polo que votarán a man alzada.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **ADOPTADO** o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO: Proceder a votación dos/as candidatos/as á Xuíz de Paz de Pontedeume do que resulta o seguinte resultado, tendo en conta que o candidato elixido o é pola maioría absoluta do número legal de membros da corporación:

MARÍA LUZ BRAGE CERNADAS nº votos = 12: UNANIMIDADE dos/as membros presentes.)

[REDACTED] : nº votos = 0.

JAVIER ACOSTA VIGO nº votos = 0.

SABELA GALDO FERNÁNDEZ nº votos = 0.

SEGUNDO. Nomear a Dna. María Luz Brage Cernadas con DNI nº 76.410.179 Q, domiciliada en Rúa Club Firrete Nº3, 4ºD, Pontedeume, como Xuíz de Paz titular de Pontedeume.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TERCEIRO. Dar traslado do presente Acordo ao Xuíz de Primeira Instancia e Instrución do Partido Xudicial de Betanzos, ou no caso de haber varios dándose traslado ao Decano, que o elevará á Sala de Goberno (artigo 101.3 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigo 7 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz).

3.- MODIFICACIÓN DA REPRESENTACIÓN MUNICIPAL NA ENTIDADE SEITURA 22 (GDR24).

O Secretario-Accidental da lectura ao ditame da Comisión Informativa, que se transcribe no seu literal:

"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDIO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: ORDINARIA DE DATA VENRES 21 DE XULLO DE 2017

EXPDTE: 2017/G012/000012

Sesión nº: 17/2015-2019

3.- MODIFICACIÓN DA REPRESENTACIÓN MUNICIPAL NA ENTIDADE SEITURA 22 (GDR24).

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

(Expediente: 2017/G003/000150).- CAMBIO DA REPRESENTACIÓN MUNICIPAL NA ENTIDADE "SEITURA 22".

O Pleno do Concello de Ponte deume, celebrado en sesión ordinaria o 28.04.2016, adoptaba o acordo relativo á adhesión do Concello de Ponte deume á Asociación Seitura 22 (GDR 24), así como a designación da representación municipal na dita entidade.

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA** para o seu **DITAME** pola Comisión Informativa:

PRIMEIRO.- Modificar a representación municipal na asociación Seitura 22, que ata a data obtenta D. Bernardo Fernández Piñeiro, designando a Dna. Yolanda Vázquez Busto, concelleira de Cultura, Comercio e Turismo como representante do Concello de Ponte deume na dita entidade.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á asociación "Seitura 22" e ás persoas interesadas.

Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

Documento asinado dixitalmente en Ponte deume por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, á data sinalada na marxe."

Non habendo intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita por **4 votos a favor** dos/as integrantes do Grupo Municipal do PsdG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, Dna. Silvia Fornos Permuy, Dna. Marta Pico Machado, e **3 abstencións** do resto de concelleiros e concelleiras, do PP (2): D. Francisco Javier Crespo



Romeo e Dna. Ascensión María de Vicente Olarte, e do BNG-AA (1): D. Jorge Serafín Allegue Freire.”

A Presidencia abre a quenda para o debate, xustificando o cambio da representante nunha cuestión organizativa.

Non habendo intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **ADOPTADO** por **6 votos a favor** dos/as membros do Grupo Municipal do PsdG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto e Dna. Silvia Fornos Permuy; e **6 abstencións** do resto dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PP (4): D. Francisco Javier Crespo Romeo, Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez; e do BNG-AA (2): Dna. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Modificar a representación municipal na asociación Seitura 22, que ata a data obstanta D. Bernardo Fernández Piñeiro, designando a Dna. Yolanda Vázquez Busto, concelleira de Cultura, Comercio e Turismo como representante do Concello de Pontedeume na dita entidade.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á asociación “Seitura 22” e ás persoas interesadas.

4.- REAXUSTE DAS ANUALIDADES DA OBRA “MELLORAS NO SANEAMENTO EN CABANAS E PONTEDEUME. FASE I. PONTEDEUME (A CORUÑA)”.

O Secretario-Accidental da lectura ao ditame da Comisión Informativa, que se transcribe no seu literal:

“DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDIO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO”

SESIÓN: ORDINARIA DE DATA VENRES 21 DE XULLO DE 2017

EXPDTE: 2017/G012/000012

Sesión nº: 17/2015-2019

4.- REAXUSTE DAS ANUALIDADES DA OBRA “MELLORAS NO SANEAMENTO EN CABANAS E PONTEDEUME. FASE I. PONTEDEUME (A CORUÑA).

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

Recibido por parte do organismo autónomo Augas de Galicia o día 22 de xullo de 2016, borrador de “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DE MELLORAS NO SANEAMENTO EN CABANAS E PONTEDEUME. FASE I. CONCELLO PONTEDEUME (A CORUÑA), COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NUN 80%, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020”.

Manifestando o propio organismo financiador no mail de remisión do convenio que: “Xuntase o texto do Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Pontedeume para a execución da actuacións de “Melloras no saneamento en Cabanas e Pontedeume. Fase I. Concello Pontedeume (A Coruña)”.”, cofinanciadas pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%,no

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020 **para os efectos da súa aprobación polo órgano competente do Concello a maior brevidade.**

Unha vez aprobado polo órgano competente do Concello **deben remitir a Augas de Galicia urxentemente o certificado no que conste esa aprobación que se debe axustar ao modelo que lle remitimos neste correo.**"

Visto o informe xurídico de secretaría de data 22/07/2016 sobre o procedemento aplicable.

Visto o acordo de aprobación do antedito convenio por medio de Pleno ordinario celebrado o día 28 de xullo de 2016.

Recibida notificación da Secretaría Xeral de Augas de Galicia de data 13/07/2017 sobre reaxuste de anualidades do Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Ponte deume para a execución da actuacións de "Melloras no saneamento en Cabanas e Ponte deume. Fase I. Concello Ponte deume (A Coruña)"

Considerando o disposto no RDL 1/2001, do 20 de xullo, TR Lei augas, e na Lei 9/2010, do 4 de decembro, de augas de Galicia, e normativa de desenvolvemento.

Considerando o disposto en canto á colaboración interadministrativa nos artigos 27, 55 e 57 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; 80 da Lei da administración local de Galicia, e os artigos 4 a 9 da Lei 30/92, do 26 de novembro.

Considerando a atribución concedida ao Pleno segundo o establecido no artigo 22.2 p) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, tendo en conta o establecido no artigo 47.2 h) e sendo competencia municipal o obxecto do expediente segundo o establecido no artigo 26.1 a) do mesmo texto legal

PROPOÑO:

PRIMEIRO.- Aprobar o reaxuste de anualidades do convenio de referencia "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DE MELLORAS NO SANEAMENTO EN CABANAS E PONTEDEUME. FASE I. CONCELLO PONTEDEUME (A CORUÑA), COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NUN 80%, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020", asumindo todas as obrigas e condicións do mesmo, segundo o que se indica:

ANO	IMPORTE (EUROS)
2016	0,00
2017	700.00,00



2018	2.000.000,00
2019	1.600.000,00

SEGUNDO.- Facultar ao Sr. Alcalde-presidente do Concello de Pontedeume para a realización de todas as actuacións que sexan precisas para a execución do mesmo, en nome e representación do concello de Pontedeume.

TERCEIRO.- Dar traslado ao organismo autónomo Augas de Galicia aos efectos oportunos.

Asinado dixitalmente polo Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro na data indicada na marxe.”

Detectado un erro na proposta xa que no cadro das contías, na anualidade de 2017, onde di: 700.00,00 debe dicir: 700.000,00.

Non habendo intervencións, sométese a proposta emendada a votación, quedando por **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** por **4 votos a favor** dos/as integrantes do Grupo Municipal do PsdG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, Dna. Silvia Fornos Permuy, Dna. Marta Pico Machado, e **3 abstencións** do resto de concelleiros e concelleiras, do PP (2): D. Francisco Javier Crespo Romeo e Dna. Ascensión María de Vicente Olarte, e do BNG-AA (1): D. Jorge Serafín Allegue Freire, a seguinte **PROPOSTA**:

PRIMEIRO.- Aprobar o reaxuste de anualidades do convenio de referencia “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DE MELLORAS NO SANEAMENTO EN CABANAS E PONTEDEUME. FASE I. CONCELLO PONTEDEUME (A CORUÑA), COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NUN 80%, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020”, asumindo todas as obrigas e condicións do mesmo, segundo o que se indica:

ANO	IMPORTE (EUROS)
2016	0,00
2017	700.000,00
2018	2.000.000,00
2019	1.600.000,00

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

--	--

SEGUNDO.- *Facultar ao Sr. Alcalde-presidente do Concello de Ponte deume para a realización de todas as actuacións que sexan precisas para a execución do mesmo, en nome e representación do concello de Ponte deume.*

TERCEIRO.- *Dar traslado ao organismo autónomo Augas de Galicia aos efectos oportunos."*

Presidencia abre a quenda para o debate. D. Bernardo Fernández Piñeiro da conta da problemática que supón a xestión das distintas autorizacións sectoriais e recorda que se trata dunha obra promovida e executada por Augas de Galicia.

De seguido, toma a palabra o portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular, D. Javier Crespo Romeo, quen anunciando o voto favorable do seu grupo cualifica esta obra como de grande importancia para o pobo e fai referencia á embergadura desta. Agradece o esforzo da Xunta de Galicia con Ponte deume, cuxo goberno pertence ao mesmo partido, indicando que se están a interesar tanto nesta axuda como noutras, para que as actuacións podan rematar o antes posible. Conclúe a súa intervención recordando que esta actuación foi iniciada, con moito interese, polo anterior goberno local, do que formaba parte.

Dña. Ana Veira García quen fai alusión á porcentaxe de financiamento da obra con fondos europeos (80%) e di que, se dende o PP se tivo interese na xestión desta actuación, recorda que dende o BNG se estivo demandando o saneamento do litoral, o que motivou que se fixeran as visitas oportunas e derivado disto, a emisión de informes que provocan que se fagan estas actuacións. Conclúe a súa intervención anunciando o voto a favor do seu grupo.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE**, dos/as membros presentes o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobado o reaxuste de anualidades do convenio de referencia "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DE MELLORAS NO SANEAMENTO EN CABANAS E PONTEDEUME. FASE I. CONCELLO PONTEDEUME (A CORUÑA), COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NUN 80%, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020", asumindo todas as obrigas e condicións do mesmo, segundo o que se indica:

ANO	IMPORTE (EUROS)
2016	0,00
2017	700.000,00



2018	2.000.000,00
2019	1.600.000,00

SEGUNDO.- Facultar ao Sr. Alcalde-presidente do Concello de Pontedeume para a realización de todas as actuacións que sexan precisas para a execución do mesmo, en nome e representación do concello de Pontedeume.

TERCEIRO.- Dar traslado ao organismo autónomo Augas de Galicia aos efectos oportunos.

5.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº29, REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL CHALET ROSA.

O Secretario-Accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA

SESIÓN: ORDINARIA DE DATA VENRES 21 DE XULLO DE 2017

EXPDTE: 2017/G012/000013

Sesión nº: 16/2015-2019

2.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL N.º 29, REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL CHALET ROSA.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL N.º 29, REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL CHALET ROSA

(Expediente SIGM: 2017/G006/000141)

Logo de ver no DOG n.º 97 do 23 de maio de 2017, a Resolución do 10 de maio de 2017 da Axencia Galega de Servizos Sociais pola que se actualizan os prezos das escolas infantís dependentes desta axencia.

Logo de ver o informe conxunto da educadora social e da coordinadora e traballadora social emitido o 30 de xuño do 2017, relativo á modificación da Ordenanza fiscal n.º 29 reguladora da taxa pola prestación do servizo da Escola Infantil Municipal "Chalé Rosa"

Logo de ver a Providencia da Alcaldía de 10 de xullo de 2017 incoando expediente de modificación da Ordenanza número 29 sinalada así como a Memoria da Alcaldía de igual data,

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Logo de ver o informe conxunto da educadora social e da coordinadora e traballadora social do 10 de xullo do 2017 sobre a previsión de ingresos procedentes das cotas da Escola Infantil Municipal "Chalé Rosa"

Logo de ver o informe conxunto da educadora social e da coordinadora e traballadora social do 10 de xullo de 2017 sobre a previsión de ingresos procedentes da subvención Plan anual de financiación dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais (PASSCM) para a Escola Infantil Municipal "Chalé Rosa"

Logo de ver o informe técnico-económico sobre o custe do servizo que constitúe o feito imponible da taxa pola prestación do servizo da escola infantil municipal "chatel rosa" de referencia 67/2017; así como o informe de Intervención de asunto: "Modificación da Ordenanza fiscal número 29 reguladora da taxa pola prestación do servizo da escola infantil municipal Chalet Rosa", de referencia 68/2017, ambos do 12/07/2017, favorables á modificación proposta,

Considerando polo tanto a necesidade da modificación da Ordenanza fiscal nº 29 reguladora da taxa pola prestación do servizo da escola infantil municipal "Chalé Rosa", para actualizar a taxa no sentido que establece a Resolución do 10/05/2017 da Axencia Galega de Servizos Sociais, que se incrementa nun 3,2%, segundo os datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística respecto da variación interanual positiva experimentada polo índice xeral de prezos de consumo para a Comunidade Autónoma de Galicia (IPC) no período transcorrido entre o mes de xaneiro de 2016 e o mes de xaneiro de 2017.

*Esta Alcaldía-Presidencia propón para o seu **DITAME** pola Comisión Informativa de Asuntos Económicos e Facenda e que a corporación municipal en Pleno lle preste a súa aprobación, se procede a seguinte **PROPOSTA**:*

PRIMEIRO. - *Modificar no ARTIGO 6. BASE IMPOÑIBLE E COTA TRIBUTARIA da devandita ordenanza, os puntos seguintes:*

6.2.1 Prezo da atención educativa

6.2.2 Prezos por servizos complementarios

6.2.3 Ampliación dos prezos mensuais segundo os tramos de renda per cápita da unidade familiar

De forma que quedarían redactados como segue:

"6.2.1 Prezo da atención educativa

O prezo pola atención educativa en xornada completa fíxase en 169,26€.



Segundo o nivel de renda da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican.

6.2.2. Prezo por servizos complementarios

a) Servizo de comedor

O prezo por este servizo fíxase en 74,05€

Segundo o nivel da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican.

No caso de nenos e nenas que non utilicen o servizo de comedor de maneira habitual e que excepcionalmente e por motivos xustificados desexen utilizalo algún día solto, o prezo será de 4,23 € por día.

b) Horario ampliado

O prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario de atención educativa adxudicado ao usuario ou usuaria será de 21,16€.

6.2.3 Ampliación dos prezos públicos mensuais segundo os tramos de renda da unidade familiar:

a) Rendas inferiores ao trinta por cento do indicador público de renda de efectos múltiples, en adiante IPREM.

Prezo da praza con servizo de comedor 0€, sen servizo de comedor 0€.

b) Rendas comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cento do IPREM.

Prezo da praza: on servizo de comedor 17,45€; sen servizo de comedor 0€.

c) Rendas comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cento do IPREM.

Prezo da praza : con servizo de comedor 52,36€; sen servizo de comedor 34,91€.

d) Rendas comprendidas entre o 75 e inferiores o 100 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 96,26€; sen servizo de comedor 69,81€.

e) Rendas comprendidas entre o 100 e inferiores ao 125 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 149,15€; sen servizo de comedor 112,13€.

f) Rendas comprendidas entre o 125 e inferiores ao 150 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 186,18€; sen servizo de comedor 133,29€.

g) Rendas comprendidas entre o 150 e o 200 por cento do IPREM

Prezo da praza: con servizo de comedor 210,52€; sen servizo de comedor 147,05€.

h) Renda superiores ao 200 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 243,31€; sen servizo de comedor 169,26€”.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SEGUNDO.- Publicar a presente modificación mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, aos efectos de someter o expediente ao trámite de información pública en cumprimento do artigo 17.2 do Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, así como no Taboleiro de Anuncios e na páxina web municipais.

TERCEIRO. Expoñer o expediente a información pública e audiencia aos interesados, previo anuncio no taboleiro de anuncios do concello e no BOP, por un prazo de 30 días hábiles, para que poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, que de producirse deberán ser resoltas pola corporación.

CUARTO. No suposto de que non se presenten reclamacións contra o dito acordo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do Real decreto legislativo 2/2004 (TRLRFL).

QUINTO. En todo caso, os acordos definitivos a que se refire o artigo 17.3 Real decreto legislativo 2/2004 (TRLRFL), incluíndo os acordos provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das ordenanzas ou das súas modificacións, publicaranse no boletín oficial da provincia, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a dita publicación.

Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Ponte deume, à data sinalada na marxe. ”

Non habendo intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita por **4 votos a favor** dos representantes do Grupo Municipal do PsdG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, Dña. Marta Pico Machado e Dña. Silvia Fornos Permy, e **3 abstencións** do resto dos señores concelleiros e concelleira do PP (2): D. Andrés Pérez Pérez, Dña. M^a Carmen Piñeiro Varela, e do BNG-AA(1): D. Jorge Serafín Allegue Freire.”

A Presidencia abre a quenda para o debate, xustificando esta modificación na necesidade de actualizar os prezos.

De seguido, D. Francisco Javier Crespo Romeo, portavoz do Grupo Municipal do PP anuncia o voto a favor do seu grupo xa que, a propia lei así o dictamina.

Dña. Ana Veira García pregunta polo procedemento de aprobación desta modificación e se non tería que ter habido un periodo de consulta pública previa, ao que o Sr. Presidente contesta que non, xa que se trata dunha actualización do IPC.

Continuando coa súa intervención, a Sra. Veira García considera que hai que ser responsables xa que, o que se lles sube aos prezos/impostos non é o que se lles sube aos salarios e que non é unha obriga para os concellos a revisión do prezo, anunciando por este motivo e en base a unha cuestión de “xustiza” anuncia o voto en contra do seu grupo.

D. Bernardo Fernández Piñeiro remítese ás bonificacións que se recollen e fai alusión á xustiza que supón o pagamento de impostos e considera isto último unha cuestión de pedagogía. Indica que se trata dun servizo deficitario, onde a taxa non sufraga o custo do servizo. Considera que a intervención da portavoz do BNG-AA é demagoxica, respectando a postura mais non compartíndoa.

Dña. Ana Veira García defende a súa postura e di que non é demagoxia e que dende o Concello se podería pedir que a xestión da escola a levara a propia Xunta de Galicia, non



duplicando así servizos, defendendo outra forma de facer política e insistindo en que non se debe facer unha suba superior á suba dos soldos.

Pecha o debate o Sr. Presidente, indicando que non vai entrar en vigor ata o mes de outubro, polo que non se sabe o que vai pasar cos salarios.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **ADOPTADO** por **10 votos a favor** das concelleiras e concelleiros dos Grupos Municipais do PsdG-PSOE (6): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dña. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dña. Yolanda Vázquez Busto e Dña. Silvia Fornos Permuy; e do PP (4): D. Francisco Javier Crespo Romeo, Dña. María Carmen Piñeiro Varela, Dña. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez; e **2 votos en contra** do Grupo Municipal do BNG-AA (2): Dña. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Modificar no ARTIGO 6. BASE IMPOÑIBLE E COTA TRIBUTARIA da devandita ordenanza, os puntos seguintes:

6.2.1 Prezo da atención educativa

6.2.2 Prezos por servizos complementarios

6.2.3 Ampliación dos prezos mensuais segundo os tramos de renda per cápita da unidade familiar

De forma que quedarían redactados como segue:

“6.2.1 Prezo da atención educativa

O prezo pola atención educativa en xornada completa fíxase en 169,26€.

Segundo o nivel de renda da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican.

6.2.2. Prezo por servizos complementarios

a) Servizo de comedor

O prezo por este servizo fíxase en 74,05€

Segundo o nivel da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican.

No caso de nenos e nenas que non utilicen o servizo de comedor de maneira habitual e que excepcionalmente e por motivos xustificados desexen utilizalo algún día solto, o prezo será de 4,23 € por día.

b) Horario ampliado

O prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario de atención educativa adjudicado ao usuario ou usuaria será de 21,16€.

6.2.3 Ampliación dos prezos públicos mensuais segundo os tramos de renda da unidade familiar:

a) Rendas inferiores ao trinta por cento do indicador público de renda de efectos múltiples, en adiante IPREM.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Prezo da praza con servizo de comedor 0€, sen servizo de comedor 0€.

b) Rendas comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cento do IPREM.

Prezo da praza: on servizo de comedor 17,45€; sen servizo de comedor 0€.

c) Rendas comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cento do IPREM.

Prezo da praza : con servizo de comedor 52,36€; sen servizo de comedor 34,91€.

d) Rendas comprendidas entre o 75 e inferiores o 100 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 96,26€; sen servizo de comedor 69,81€.

e) Rendas comprendidas entre o 100 e inferiores ao 125 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 149,15€; sen servizo de comedor 112,13€.

f) Rendas comprendidas entre o 125 e inferiores ao 150 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 186,18€; sen servizo de comedor 133,29€.

g) Rendas comprendidas entre o 150 e o 200 por cento do IPREM

Prezo da praza: con servizo de comedor 210,52€; sen servizo de comedor 147,05€.

h) Renda superiores ao 200 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 243,31€; sen servizo de comedor 169,26€”.

SEGUNDO.- Publicar a presente modificación mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, aos efectos de someter o expediente ao trámite de información pública en cumprimento do artigo 17.2 do Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, así como no Taboleiro de Anuncios e na páxina web municipais.

